



CONCELLO DE  
OLEIROS

---

## ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E SEIS (26) DE XANEIRO DE 2023

---

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:05 h. do día 26 de xaneiro de 2023, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

### **GRUPO MUNICIPAL "ALTERNATIVA DOS VECIÑOS" (A.V.)**

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esther Isabel Garrido Pan.
- D<sup>a</sup> Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Vázquez Maseda.
- D<sup>a</sup> Rosa M<sup>a</sup> Méndez Gómez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Santos Zas.
- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Fernández
- D<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Martínez Martínez.
- D<sup>a</sup> Aurora Belén Taboada Casal.

### **GRUPO MUNICIPAL "POPULAR" (P.P.)**

- D. José Ángel Bonome González.
- D. Jorge Platas Casal.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Silva Núñez.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.

### **GRUPO MUNICIPAL "SOCIALISTA" (PSdeG-PSOE)**

- D<sup>a</sup> Anna Margarita Candal Malvís.
- D. Diego Chazarreta Arévalo.

### **GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG**

- D. Iván Roca Cruz.

### **GRUPO MUNICIPAL MIXTO-CIUDADANOS**

- D. Manuel Jesús José Moinelo Allegue.

Non asisten:

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Varela Neira, concelleira do grupo municipal "Alternativa dos Veciños".
- D. Jaime Rumbo Mosquera, concelleiro do grupo municipal "Alternativa dos Veciños".

Da fe dos acordos tomados, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.



CONCELLO DE  
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2023000386, de 23 de xaneiro, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, das actas das sesións plenarias de 27 de outubro e 23 de decembro de 2022.
- 2º.- Toma de posesión do concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Diego Chazarreta Arévalo.
- 3º.- Toma de posesión do concelleiro do BNG, D. Iván Roca Cruz.
- 4º.- Aprobación, se procede, do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2023.
- 5º.- Aprobación, se procede, da participación no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2023, para financiamento de gastos sociais extraordinarios.
- 6º.- Aprobación definitiva, se procede, do estudio de detalle para a parcelación da parcela 5.1 do Plan Parcial I-33-R de Iñás.
- 7º.- Aprobación, se procede, do Plan Antifraude do Concello de Oleiros.
- 8º.- Adopción de acordo en orde á resolución do recurso de reposición presentado contra acordo plenario de 28 de xullo de 2022, polo que se inadmitía a revisión de oficio no expediente de recadación 2020/00679 en relación co expediente sancionador 2019-79969.
- 9º.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2022006272 ata o nº 2022006549 e do 23023000001 ata o nº 23023000349 (incluídos).
- 10º.- Mocións, rogos e preguntas.

**Punto 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións plenarias de 27 de outubro e 23 de decembro de 2022**

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Non formulándose nin observacións nin reparos, da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado de **dezasete (17) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; un (01) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”- Ciudadanos, polo que o Concello Pleno aproba as actas das *sesións plenarias que tiveron lugar os días 27 de outubro e 23 de decembro de 2022*.

**Punto 2.- Toma de posesión do concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Diego Chazarreta Arévalo**

A toma de posesión ten lugar mediante o xuramento ou promesa polo membro electo do acatamento da Constitución de acordo coa fórmula establecida polo Real Decreto nº 707/1979, de 5 de abril.

De seguido, o alcalde procede a dar lectura á mesma:

¿Xurades ou prometedes, pola vosa conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?.



CONCELLO DE  
OLEIROS

Respondendo o Sr. Chazarreta Arévalo 'sí prometo'.

Realizado satisfactoriamente este trámite, adquire plenamente a súa condición de concelleiro e polo tanto membro da Corporación con tódolos dereitos e deberes propios do seu cargo.

**Punto 3.- Toma de posesión do concelleiro do BNG, D. Iván Roca Cruz**

A toma de posesión ten lugar mediante o xuramento ou promesa polo membro electo do acatamento da Constitución de acordo coa fórmula establecida polo Real Decreto nº 707/1979, de 5 de abril.

De seguido, o alcalde procede a dar lectura á mesma:

¿Xurades ou prometedes, pola vosa conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?.

Respondendo o Sr. Roca Cruz 'sí prometo'.

Realizado satisfactoriamente este trámite, adquire plenamente a súa condición de concelleiro e polo tanto membro da Corporación con tódolos dereitos e deberes propios do seu cargo.

**Punto 4.- Aprobación, se procede, do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2023**

Expón o asunto o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que o Concello de Oleiros ten asignados anualmente a través deste plan por parte da Deputación provincial unha contía económica e que neste exercicio acádanse uns 850.000 €, dos que uns 500.000 € irán a gasto corrente para o mantemento de servizos municipais e o restante á execución da obra da pavimentación de rúas na Urbanización O Pinar.

Intervén o voceiro do grupo "Popular", D. **José A. Bonome**, dándolles en primeiro lugar a benvinda ós novos concelleiros, Iván e Diego, desexándolles o mellor no seu cometido.

Entrando de cheo no asunto, hai uns días na prensa publicouse que este concello levaba a este pleno obras por valor de máis dun millón de euros, pero para coñecemento da veciñanza resulta que máis de 300.000 € non é un investimento senón un gasto debido a unha mala xestión porque alcalde ¿Non é certo que no ano 2019 o concello gastou máis de 76.000 € na execución das sendas peonís no Parque das 13 Rosas?.

Agora, tres anos despois, hai que refacelas porque o pavimento non era o axeitado e a realidade é que vanse gastar practicamente 300.000 € en facer unhas sendas peonís novas que deberían terse feito ben hai tres anos pero debido a unha mala planificación custoulle á veciñanza eses máis de 76.000 €, polo que agarda que agora por fin quede ben. Dito isto, o grupo municipal "Popular" ten unha máxima que cando se traten asuntos de percepción de axudas e subvencións procedentes doutras administracións votan a favor, como vai ser o caso.



CONCELLO DE  
OLEIROS

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Manuel Moineiro**, salientando que quere tamén darlle a benvida ós novos concelleiros e en canto ó asunto, o seu grupo sempre que se trate de axudas para investimentos na mellora da calidade de vida da veciñanza estarán de acordo.

Sinala o alcalde, D. **Ángel García**, que as obras que se engaden no Plan Complementario, ascenden a máis de 1.300.000 € e concretamente son as de substitución do pavimento nas sendas peonís do Parque das 13 Rosas; acondicionamento das Rúas Humboldt e Linneo; renovación rede pluviais na Rúa Areal ata Rúa Barreira e pavimentación e acondicionamento da Rúa Piñeiro.

Intervén a concelleira do grupo “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, dicindo que o seu grupo vai aprobar o plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña, resaltando o apoio permanente que presta a institución provincial a tódolos concellos e en especial, ó Concello de Oleiros.

Con esta axuda melloraránse as vías públicas e tamén, renovar as redes de saneamento e de auga na parroquia de Perillo e o seu grupo sempre que se trate de aprobar algunha mellora para a cidadanía, estarán sempre aí para darlle o visto e prace. Para rematar, solicita que os carteis anunciadores da Deputación provincial figuren en todas as obras que se executen.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, pondo de manifesto que a Deputación provincial non fai ningún tipo de excepción co Concello de Oleiros, porque estes fondos proveñen do Estado e a institución provincial é a encargada de distribuílos, pero os cartos son finalistas por e para os concellos e a Deputación segundo uns criterios aprobados, renda pér cápita, poboación, etc. repárteos e ó Concello de Oleiros tócalle o que lle corresponde. Salienta que se aproba o plan e para o caso de que existan máis recursos, tamén se aproba o plan complementario que se achega. No que atinxe ó proxecto do Parque das 13 Rosas, executouse con recursos da propia Deputación e o Concello evitándose o asfalto ó se tratar dun parque natural, polo que as sendas executáronse con grava e cemento pero co paso do tempo debido tamén ás pendentes existentes e á chuvia por exemplo, gran inimiga para estas actuacións, foronse degradando e incluso descubriuse algunha pena perigosa para os visitantes, sobre todo para as persoas maiores, neste intre trátase de usar un pavimento que armonice coa contorna natural a base de formigón impreso e cunha cor que non terá practicamente impacto visual coa entorna para que os visitantes poidan pasear con seguridade.

Respecto das Rúas Humboldt e Linneo, se a Deputación provincial aborda ese proxecto de reforma integral de Sta. Cristina, que ata de agora non hai nada que diga que incumprirá co seu compromiso, o concello quere aproveitar esa obra para tamén reformar estas dúas rúas importantes no núcleo de Sta. Cristina, porque cren que se debe aumentar a superficie das beirarrúas e que sexan máis accesibles.

A actuación da renovación de pluviais é necesaria en Perillo xa, porque o alto desta parroquia e parte de Montrove verten pola rúa Areal, polo que resulta necesario incrementar a dimensión das canalizacións e máis cando aumentan tamén as edificacións e, a derradeira actuación consiste en arranxar a pavimentación da Rúa Piñeiro.



### Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 23 de xaneiro de 2023, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **dezanove (19) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; catro (04) do grupo municipal "Popular"; dous do grupo municipal "Socialista"; un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG e un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos). En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

**"Primeiro.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

#### A) Financiamento de gastos correntes que se devengan no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	552.821,47.-
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	-----
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>552.821,47.-</b>

#### B ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		Orzamento total
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
	-----	-----	-----	-----	-----
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b>	-----	-----	-----	-----	-----

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		Orzamento total
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Pavimentación das rúas Urbanización O Pinar	263.183,60.-	38.118,80.-	-----	38.118,80.-	301.302,40.-
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>263.183,60.-</b>	<b>38.118,80.-</b>	-----	<b>38.118,80.-</b>	<b>301.302,40.-</b>



Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**C) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
-----	-----
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	-----

**D) Resumo:**

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2023</b>	552.821,47.-				552.821,47.-
	<b>Achega 2022 (Excep. Base 2.1)</b>	-----				-----
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2023</b>	-----	-----	-----	-----	-----
	<b>Achega 2022</b>	263.183,60.-	38.118,80.-	-----	38.118,80.-	301.392,40.-
<b>C- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2023</b>					
<b>D- TOTAL</b>	<b>Achega 2023</b>	552.821,47.-	-----	-----	-----	552.821,47.-
	<b>Achega 2022</b>	263.183,60.-	38.118,80.-	-----	38.118,80.-	301.392,40.-
	<b>Préstamo 2023</b>	-----				-----
	<b>TOTAL</b>	816.005,07.-	38.118,80.-	-----	38.118,80.-	854.123,87.-

**Segundo.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles  (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
Substitución do pavimento nas sendas peonís do parque das 13 Rosas-As Galeras	283.850,23.-	-----	283.850,23.-
Acondicionamento das Rúas Humboldt e Linneo	480.830,50.-	-----	480.830,50.-
Renovación rede pluviais na Rúa Areal ata Rúa Barreira	246.031,55.-	-----	246.031,55.-



CONCELLO DE  
OLEIROS

Pavimentación e acondicionamento da Rúa Piñeiro	302.259,15.-	-----	302.259,15.-
<b>TOTAIS</b>	<b>1.312.971,43.-</b>	-----	<b>1.312.971,43.-</b>

**Terceiro.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Cuarto.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

**Quinto.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**Sexto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sétimo.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Oitavo.-** Facultar expresamente ó alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**Punto 5.-** Aprobación, se procede, da participación no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2023, para financiamento de gastos sociais extraordinarios

Expón o asunto o alcalde, D. **Ángel García**, explicando que este plan adicional da Deputación está destinado ó reforzo de actuacións nos servizos sociais municipais e para este exercicio a este concello correspóndenlle uns 161.000 €, porque hai que ter en conta as consecuencias provocadas pola COVID e ao contexto da guerra en Ucraína, sumado á inflación que supou unha gran escalada de prezos principalmente nos costes de alimentación, subministros e vivenda, polo que resulta necesario reforzar dende os servizos sociais todos aqueles recursos destinados a cubrir estas necesidades básicas ás persoas con maior vulnerabilidade, como aluguer de vivenda, gastos médicos, sanitarios, etc.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, manifestando que o seu grupo hai dous meses, con motivo da aprobación do orzamento, presentaron unha emenda para que se aumentase o investimento en política social a costa da redución doutras accións máis electoralistas e que reportan escasos beneficios á veciñanza, sobre todo nun ano que como remata de dicir o alcalde moitas familias estano a pasar mal como consecuencia da crise xerada fundamentalmente pola subida do custe da enerxía, alimentos, IPC e a delicada situación laboral actual. Pero como xa é habitual, calquera emenda presentada polo seu grupo sempre é rexeitada polo goberno municipal, resultando curioso que o alcalde presuma de que Oleiros é un dos concellos galegos con máis renda per cápita por habitante e que ten superávit, cando a realidade é que Oleiros é dos que menos investe por habitante e ano, 86 € por habitante, moi lonxe da media galega que está en 156 € e da media nacional que está en 100 €/habitante/ano



CONCELLO DE  
OLEIROS

e xa non digamos se a comparación é con concellos limítrofes como pode ser Cambre 112 €, Abegondo 148 € ou incluso A Coruña con 123 € ou Arteixo 232 €/habitante/ano.

Dito isto, debe quedar constancia da leducia do grupo “Popular” de que por fin lles fagan caso e que se incremente este gasto social nesas 161.000 € grazas á axuda da Deputación, por iso votarán favorablemente.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Diego Chazarreta**, anunciando o voto favorable do seu grupo resaltando máis recursos e máis medios da Deputación da Coruña para o concello e dicía o alcalde nunha anterior intervención que a Deputación provincial non fai ningún favor, o que é real, pero tamén o certo é que esta institución provincial é un modelo de xestión no reparto de fondos, porque a día de hoxe fanse de xeito equitativo e por obxectivos o que non sempre foi así, só fai falla lembrar que cando outros gobernaban a Deputación os fondos non se repartían así.

Ademais faise dun xeito moi democrático, dialogando con tódolos grupos provinciais, porque débese lembrar que na institución provincial non hai un goberno de maioría absoluta, de aí que isto deberíase trasladar aquí en Oleiros, que cando se propoña unha obra para incluír no POS ou noutro plan se xunte ós grupos políticos municipais porque estes tamén representan a un gran número de veciños, non estando de máis escoitalos de cando en vez. Finalmente, insiste na leducia de que cheguen estes recursos destinados a gastos sociais porque desgraciadamente sempre fan falla e cando haxa que axudar, sempre contarán co voto favorable do grupo “Socialista”.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, anunciando tamén o seu voto favorable e quere salientar o dito polos compañeiros tanto do PSOE coma do PP de que estes recursos para gastos sociais van ser moi necesarios porque se avexiña un ano 2023 complicado e é imprescindible que se trate de axudar, na medida do posible, á xente que o estea a pasar mal.

### Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de xaneiro de 2023, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **dezanove (19) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“**Primeiro**.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS ADICIONAL/2023	
Dato notificado que figura no seu expediente	161.239,60.-

(A) PREVISIÓN DE GASTOS 2023

(B) ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS





CONCELLO DE  
OLEIROS

(C) ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (A-B)

(D) PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023 OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (C-D)

(E)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023: GASTO CORRENTE	A	B	C	D	E
<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>					
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adicións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo carezan de medios económicos suficientes para asegurar a coberturas das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>	161.239,60.-				161.239,60.-
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>					
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>					
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p>					
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>					
<p>) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>					



CONCELLO DE  
OLEIROS

h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.					
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b> Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación					

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023:</b> <b>INVESTIMENTO</b>	A	B	C	D	E
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.					
<b>SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO</b>	161.239,60.-				161.239,60.-

	A	B	C	D	E
<b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023</b>					

<b>I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES</b>	161.239,60.-
<b>II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)</b>	0.-
<b>III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)</b>	0.-
<b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II+III)</b>	<b>161.239,60.-</b>

**Segundo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**Punto 6.- Aprobación definitiva, se procede, do estudo de detalle para a parcelación da parcela 5.1 do Plan Parcial I-33-R de Iñás**

Expón o asunto o alcalde, D. **Ángel García**, explicando que en outubro pasado aprobouse inicialmente este estudo de detalle condicionado á subsanación dunha serie de erros técnicos que se observaron, corrixidos e aberto o período de información pública, non se presentou alegación ningunha polo que se propón aprobalo definitivamente, dilixencialo, publicalo no DOG e no BOP e ó mesmo tempo, solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que proceda a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico.

Intervén a concelleira do grupo “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, anunciando o voto favorable do seu grupo para este estudo de detalle e que siga medrando a actividade industrial neste polígono porque implicará a creación de novos postos de traballo.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, anunciando o voto a favor porque todo o que sexa potenciar ó Polígono Industrial de Iñás conta co seu apoio, ademais cre que en moitos aspectos está a



ser un exemplo para outras áreas similares dos concellos limítrofes pero non quere desaproveitar a ocasión para solicitar que se potencie o transporte público como xa propuxo no seu intre, aínda ue na actualidade as liñas sexan escasas para os e as traballadoras dese área e reitera a moción presentada polo seu grupo que se aprobou por maioría e onde se reclamaba o incremento deste servizo público e o acadado ata esta data foi non so que quedase como estaba senón que agora sexa peor, polo que solicita que o concello siga a insistir nisto porque é fundamental.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que o transporte público non é unha competencia municipal, aínda que o concello solicitouno para esta área industrial e comercial e non era que as frecuencias eran escasas, é que non había sequera transporte público aínda que o concello segue xestionando coa Xunta de Galicia a través de M<sup>a</sup> José Varela responsable municipal desta materia, para que se cheguen a incrementar as frecuencias e haxa unha liña fluída de autobuses para este polígono que cada día medra máis coa implantación de novas empresas.

### Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 23 de xaneiro de 2023, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **quince (15) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; dous (02) do grupo municipal "Socialista"; un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG e un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos) e **catro (04) abstencións** (catro (04) do grupo municipal "Popular").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Con data 19 de decembro de 2022, a coordinadora de servizos urbanísticos do Concello de Oleiros emite un informe xurídico coa sinatura de conformidade da persoa que ocupa a Secretaría municipal, do seguinte teor literal (*transcrición literal parcial*):

"

#### 1.OBXECTO DO INFORME

<b>EXPEDIENTE</b>	2022/PLANEAM/000018 (FG 705)
<b>DENOMINACIÓN</b>	estudo de detalle para a parcelación da parcela 5.1 do plan parcial I-33-R de Iñás
<b>ENTIDADE PROMOTORA</b>	GENERAL DE TERRENOS Y EDIFICIOS, S.L.U. (B-15.853.450)
<b>ENTIDADE REDACTORA</b>	Andrés Soto Núñez
<b>ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE</b>	Parcela 5.1 do proxecto de reparcelación do plan parcial do SUNP I-33-R, Iñás, cunha superficie de 20.537,00 m <sup>2</sup>
<b>DATA E NRE REDACCIÓN INICIAL</b>	NRE 2022014023, de 1 de agosto, tras o cal se realiza unha solicitude de corrección e se presenta a subsanación con NRE 2022014023, de 19 de setembro.
<b>DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA</b>	NRE 2022020576, de 14 de novembro

#### 2.ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

<b>INFORME DO ARQUITECTO MUNICIPAL</b>	Emisión de informe polo arquitecto municipal don Alfredo Olañeta, asinado o 11 de outubro de 2022.
--	--



<b>APROBACIÓN INICIAL</b>	<i>Decreto 2022004822, de 11 de outubro, condicionándoo á corrección dunha serie de erros técnicos nos documentos, e á adaptación ás NTPUG.</i>
<b>INFORMACIÓN PÚBLICA E NOTIF. TITULARES</b>	<i>Notificado a GENERAL DE TERRENOS Y EDIFICIOS, S.L.U. (B-15.853.450) con data 14 de outubro de 2022. Publicado no DOG núm. 208, de 2 de novembro de 2022, e no xornal La Voz de Galicia de 28 de outubro de 2022.</i>
<b>ALEGACIÓNS</b>	<i>Non se presentan</i>
<b>PRESENTACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA</b>	<i>NRE 2022020576, de 14 de novembro</i>

### **3. NORMATIVA APLICABLE**

- Arts. 76,79 e 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Arts. 159,160, 187, 192, 193 e 194 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

### **4. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

#### **a. Obxecto e contido do estudo de detalle**

*Dentro da categoría de outras figuras de planeamento a normativa urbanística vixente recolle a figura dos estudos de detalle. Así, estes poderán desenvolver o propio PXOM ou un plan parcial ou especial. En canto aos obxectivos, poderán ser calquera dos seguintes:*

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes*
- b) Ordenar os volumes edificables*
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan*

*Os estudos de detalle non poderán nalgún caso:*

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.*
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.*
- c) Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas (inclúe equipamentos públicos, infraestruturas, viais e espazos libres)*
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.*
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*
- f) Parcelar o solo.*
- g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.*

*Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:*

- a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.*

*Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.*

- b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o plan vixente.*
- c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e da súa contorna.*
- d) Calquera outro documento que poida contribuir á xustificación da proposta.*

*A documentación do estudo de detalle formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.*

*O cumprimento dos requisitos técnicos e de contido expostos foi comprobado polo informe do arquitecto técnico mencionado nos antecedentes administrativos que figuran neste informe. En canto ás observacións*



realizadas nese informe e postas de manifesto na aprobación inicial do estudo detalle, foron subsanadas na versión presentada mediante NRE 2022020576, de 14 de novembro.

**b. Tramitación do estudo de detalle**

*i. Iniciativa*

Os estudos de detalle poderán ser formulados polas seguintes entidades:

- Os concellos
- A Administración autonómica
- Outros órganos competentes no ámbito urbanístico
- Polos particulares lexitimados para facelo (artigo 80.1 da LSG): deberá acreditarse polo promotor a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).

Nestes casos, o documento deberá determinar a obrigação de conservación da urbanización, expresando se correrá a cargo do municipio, dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou dos promotores da urbanización (artigo 66.a) da LSG).

No caso de que a obrigação de conservación da urbanización corra a cargo dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou dos promotores da urbanización, indicarse o período de tempo ao que se estenderá dita obrigação.

No caso que nos ocupa, trátase dun estudo de detalle formulado pola promotora que se sinala no apartado 1 deste informe, e consta no expediente a lexitimación para presentar o devandito estudo.

*ii. Aprobación inicial e información pública*

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarse individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos.

O órgano competente para a súa aprobación inicial é o Alcalde, en aplicación do artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente mediante a resolución que se cita no apartado segundo deste informe, e levouse a cabo o trámite de información pública e as notificacións pertinentes consonte ao exposto no devandito apartado do informe.

Ha de terse en conta tamén que, en atención ao establecido no artigo 3.3.d).7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe do secretario municipal para a aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística como o que nos ocupa. Sinala o artigo 3.4 do citado Real Decreto que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente

*iii. Aprobación definitiva*

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará o estudo de detalle definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes (artigo 80.2 da LSG).

De conformidade co artigo 22.2 c) da Lei de Bases de Réxime Local, corresponde ao Pleno a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.

No caso que nos ocupa, non se presentou ningunha alegación no trámite de información pública, polo que se mantén a versión que se presentou ao trámite de aprobación inicial.

Por outra banda, coa aprobación definitiva do instrumento, haberán de levarse a cabo as seguintes xestións administrativas para dar por finalizada a tramitación do estudo detalle:

1. Dilixenciar o documento, indicando o número e data de entrada e deixando definido cal é o documento aprobado definitivamente.



2. Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia e das páxinas 9 a 13 (ámbalas dúas incluídas) do documento, que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle.

3. Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

4. Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

5. Notificar ao promotor e ao equipo redactor.

Para finalizar, hase de ter en conta que o Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.

(...)”

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do estudo detalle indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar definitivamente o estudo de detalle que a continuación se identifica:

<b>EXPEDIENTE</b>	2022/PLANEAM/000018 (FG 705)
<b>DENOMINACIÓN</b>	estudo de detalle para a parcelación da parcela 5.1 do plan parcial I-33-R de Iñás
<b>ENTIDADE PROMOTORA</b>	GENERAL DE TERRENOS Y EDIFICIOS, S.L.U. (B-15.853.450)
<b>ENTIDADE REDACTORA</b>	Andrés Soto Núñez
<b>ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE</b>	Parcela 5.1 do proxecto de reparcelación do plan parcial do SUNP I-33-R, Iñás, cunha superficie de 20.537,00 m <sup>2</sup>
<b>DATA E NRE REDACCIÓN INICIAL</b>	NRE 2022014023, de 1 de agosto, tras o cal se realiza unha solicitude de corrección e se presenta a subsanación con NRE 2022014023, de 19 de setembro.
<b>DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA</b>	NRE 2022020576, de 14 de novembro

**SEGUNDO.-** dilixenciar o documento identificado no apartado anterior como “redacción definitiva”, e arquivar tódolos documentos presentados con anterioridade.

**TERCEIRO.-** Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia e das páxinas 9 a 13 (ámbalas dúas incluídas) do documento, que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle.

**CUARTO.-** Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

**QUINTO.-** Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

**SEXTO.-** Notificar ao promotor e ao equipo redactor.

**SÉTIMO.-** O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”



CONCELLO DE  
OLEIROS

**Punto 7.- Aprobación, se procede, do Plan Antifraude do Concello de Oleiros**

Expón o asunto o alcalde, D. **Ángel García**, explicando que unha declaración do Plan Antifraude xa se achegou a este pleno o ano pasado creándose a comisión contemplada no mesmo e que logo de xuntarse aprobou o plan que hoxe se achega confeccionado seguindo as instrucións, leis e ordes tanto de Europa coma do Estado, polo que agora procede aprobalo e logo publicalo na web municipal.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, manifestando que unha vez revisado este plan entende que é un modelo tipo adaptado ó Concello de Oleiros para ter acceso nun futuro a posibles axudas europeas, o que lamenta é que o obxecto primordial sexa ese e non a fin en sí mesma como é salvagardar os intereses da veciñanza de Oleiros cunha actuación transparente e libre de calquera sospeita e dío porque para empezar, non parece lóxico que o comité antifraude estea integrado basicamente por persoal técnico e político pertencente só do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” presidido polo propio alcalde.

Olo dí que pode xerar dúbidas, non que as haxa, entende que o máis íntegro sería que este comité antifraude estivera integrado por exemplo, por un membro da Policía Local, por un membro das forzas ou corpos de seguridade do Estado, por exemplo un Garda Civil, o Xuíz de Paz do municipio e unha representación de tódolos grupos políticos, incluídos claro os da oposición, proporcionalmente ó número de concelleiros de cada un, loxicamente tamén pola Secretaria e o Interventor municipais.

Por outra banda e xa o dixo o ano pasado no intre no que presentaron este plan antifraude, no punto 4.3 no que atinxe ó conflito de intereses, no que sinala que éste “...é un conflito entre o deber público e os intereses privados dun empregado ou empregada pública, existe conflito de intereses cando no exercicio imparcial e obxectivo das funcións dunha persoa vese comprometido por motivos relacionados coa súa familia, a súa vida sentimental, as súas afinidades políticas, os seus intereses económicos ou calquera outro motivo directo ou indirecto...” e de todos é sabido que tanto o alcalde coma a súa familia teñen actividades inmobiliarias que aparentemente pode dar a entender que existe un conflito de intereses potencial, polo que por estes motivos aínda compartindo o espírito do plan vanse abster na votación.

Intervén a concelleira do grupo “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, anunciando o seu voto a favor porque os obxectivos primordiais deste plan é a redución de fraudes internos ou externos nos proxectos municipais. Aínda así tamén chámalles a atención de que só haxa concelleiros do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” e contrastado este comité con outros concellos próximos é certo que fundamentalmente está constituído por membros dos gobernos municipais, pero tamén inclúen unha figura externa que forme parte do mesmo, polo que lles gustaría saber se no futuro teñen previsto a contratación dunha consultoría externa para aportar unha maior asistencia técnica, aínda así votarán a favor porque están de acordo co espírito do plan antifraude que é o importante.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, contestando que este comité é de obriga constituílo en tódolos concellos do Estado, a Comunidade Económica Europea está a financiar ou cofinanciar proxectos ó longo de todo o Estado e unha das obrigas é a constitución deste comité para evitar que pase o que está a acontecer por exemplo neses





CONCELLO DE  
OLEIROS

municipios de Madrid, onde a construción do metro está a afundir vivendas ou para algún se leve cartos na contratación de obras.

¿Quen debe formar parte deste comité? Os que están na xestión diaria e non son outros que as concelleiras que dirixen as áreas de maior xestión, o interventor e a secretaria municipais, o xefe de política fiscal e económica, o xefe de informática, a responsable xurídico-administrativo da área de cultura e deportes do concello, coordinador da área de servizos e a responsable do departamento de RRHH, polo que estas son as persoas que o constitúen sendo máis que suficiente porque os técnicos municipais son os que teñen que velar pola legalidade e tamén os políticos do goberno municipal, cando gobernen outros que nomeen ós seus.

Estance a cumprir as directrices da Unión Europea, porque o 26 de maio de 2022 acordouse facer nosa a declaración que fai a FEMP e do contido de conduta fronte á fraude para que o Concello de Oleiros tivera a condición de Entidade Executora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, segundo o disposto na Orde 1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configuraba o sistema de xestión do Plan de Recuperación e Resiliencia, en tanto vai solicitar, no ámbito das súas competencias, a execución de Proxectos ou Subproxectos das Reformas e Investimentos incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, é dicir, un órgano de control que ten que estar integrado sobre todo por persoal técnico. Finalmente, respecto á alusión feita polo voceiro do grupo “Popular” en canto ás súas actividades e da súa familia, xa se dilucidou no xulgado no seu intre dándolle a razón a él contra a denuncia do Partido Popular, polo que nada máis que dicir.

### **Votación**

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de xaneiro de 2023, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **quince (15) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **catro (04) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“**Primeiro**.- Aprobar o Plan Antifraude do Concello de Oleiros, contido no expediente 2022/XENER/001561 tramitado ó efecto pola Intervención municipal seguindo as directrices, ordes e lexislación emanada tanto do Estado coma da Unión Europea, que serviron de guía para a súa elaboración.

**Segundo**.- Proceder a súa publicación na web municipal.”

**Punto 8.-** Adopción de acordo en orde á resolución do recurso de reposición presentado contra acordo plenario de 28 de xullo de 2022, polo que se inadmitía a revisión de oficio no expediente de recadación 2020/00679 en relación co expediente sancionador 2019-79969

Expón o asunto o alcalde, D. **Ángel García**, explicando que este asunto xa se tratou neste pleno como se sinala no enunciado do asunto, produto dun expediente tramitado pola Policía Local nun control de substancias no que o afectado deu positivo, cursada a denuncia correspondente rematou coa imposición da sanción que o afectado





CONCELLO DE  
OLEIROS

recurriu aducindo que a Policía Local non tiña razón procedendo agora a resolución do recurso de reposición ratificando a sanción imposta.

### **Votación**

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 23 de xaneiro de 2023, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **trece (13) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG e un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos) e **seis (06) abstencións** (catro (04) do grupo municipal "Popular" e dúas (02) do grupo municipal "Socialista).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Visto o informe emitido pola secretaria accidental do concello, do teor literal seguinte:

"M<sup>a</sup> PILAR CELA ALVAREZ, Secretaria Accidental do Concello emito o seguinte informe a solicitude da Alcaldía do Concello de Oleiros, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional: *"la función de asesoramiento legal preceptivo que tiene la Secretaría comprende, en todo caso, la emisión de informe previo en (...)"* 3.º *Procedimientos de revisión de oficio de actos de la Entidad Local, a excepción de los actos de naturaleza tributaria."*

#### **Antecedentes.-**

D. Juan Carlos Martínez Romasanta, en representación de D. Iván Graña Valiño, presentou recurso de reposición o día 03/10/2022, co nº 2022017994 de rexistro, contra o acordo do pleno do Concello de data 28 de xullo de 2022, polo que se inadmitiu a trámite a solicitude de revisión de oficio do expte de recadación 2020/00679 en relación co expte sancionador 2019-79969 por considerar que pode existir un ilícito penal.

Fundamenta o seu recurso de reposición no seguinte:

**1º.-** Que o día 02/10/2021 os axentes da Policía Local someten a D. Iván Graña a un control de drogas, utilizando para o efecto un aparello Mobile test system, non homologado.

No expediente consta a denuncia, o resultado do test e a recollida de mostras para enviar ao laboratorio, así como o informe do laboratorio dentro do expediente sancionador 79969 do Concello de Oleiros.

Que sen máis trámites no expediente sancionador procedeuse a publicación da providencia de apremio o día 23.07.2020 pola Tesourería municipal.

Que o inicio do expediente é unha denuncia e non unha sanción. Engade que non se pode tramitar polo procedemento sancionador abreviado e que non é de aplicación o artigo 95.4 do RDL 6/2015.

Alega o recorrente que,

- a) O Pleno do Concello non é órgano competente para resolver a revisión de oficio senón a Xunta de Goberno Local.
- b) Que non existiu resolución administrativa que respalde a sanción
- c) Que existe nulidade ou anulabilidade por non existir unha resolución firme do órgano competente, o Alcalde.
- d) Que o documento da denuncia non consta integra no expediente que o Concello enviou ao Xulgado.

#### **Normativa aplicable.-**

- Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.



- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.
- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.
- RDL 6/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e seguridade vial.

#### **Fundamentación xurídica.-**

**1º** O recorrente fai mención a defectos detectados no expediente administrativo sancionador que coñeceu como consecuencia da interposición de recurso contencioso administrativo diante do Xulgado do Contencioso administrativo, pese a iso no proceso xudicial non alegou e motivou a suposta nulidade do expediente, nin os posibles defectos que agora di observou no expediente, senón que procedeu a deixar caducar os trámites dando lugar ao arquivo do expediente xudicial por desestimento, pechando así as vías de recurso.

O alegado non é certo, no expediente sancionador consta que a denuncia foi notificada no acto ao infractor e o documento cumpre os requisitos establecidos legalmente.

Por outra banda, indica o recorrente que non procede aplicar o artigo 95.4 da **Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial** e tampouco o procedemento abreviado, pero non indica cal é a razón.

#### **“Artículo 95. Procedimiento sancionador ordinario.**

*1. Notificada la denuncia, el interesado dispondrá de un plazo de veinte días naturales para formular las alegaciones que tenga por conveniente y proponer o aportar las pruebas que estime oportunas.*

*2. Si las alegaciones formuladas aportan datos nuevos o distintos de los constatados por el agente denunciante, y siempre que se estime necesario por el instructor, se dará traslado de aquéllas al agente para que informe en el plazo de quince días naturales.*

*En todo caso, el instructor podrá acordar que se practiquen las pruebas que estime pertinentes para la averiguación y calificación de los hechos y para la determinación de las posibles responsabilidades. La denegación de la práctica de las pruebas deberá ser motivada, dejando constancia en el procedimiento sancionador.*

*3. Concluida la instrucción del procedimiento sancionador, el órgano instructor elevará propuesta de resolución al órgano competente para sancionar para que dicte la resolución que proceda. Únicamente se dará traslado de la propuesta al interesado, para que pueda formular nuevas alegaciones en el plazo de quince días naturales, si figuran en el procedimiento sancionador o se han tenido en cuenta en la resolución otros hechos u otras alegaciones y pruebas diferentes a las aducidas por el interesado.*

*4. Si el denunciado no formula alegaciones ni abona el importe de la multa en el plazo de veinte días naturales siguientes al de la notificación de la denuncia, ésta surtirá el efecto de acto resolutorio del procedimiento sancionador en los siguientes casos:*

*a) Infracciones leves en todos los casos.*

*b) Infracciones graves que no supongan la detracción de puntos cuya notificación no se haya podido efectuar en el acto de la denuncia.*

*c) Infracciones graves y muy graves cuya notificación se efectuase en el acto de la denuncia, supongan o no la detracción de puntos.*

*En estos supuestos, la sanción podrá ejecutarse transcurridos treinta días naturales desde la notificación de la denuncia.*

*5. La terminación del procedimiento pone fin a la vía administrativa y la sanción se podrá ejecutar desde el día siguiente al transcurso de los treinta días antes indicados.”*

No expediente seguíronse os trámites legalmente establecidos.

#### **2º A respecto da alegación de falta de competencia do Pleno do Concello para resolver a revisión de oficio,**

O órgano competente segundo a doutrina para resolver, no ámbito municipal, a revisión de oficio é o Pleno da corporación, tomando como base a doutrina recente, entre elas, Ditame 1.093/2005 de 19 de xaneiro; 374/2006 de 4 de maio; 620/2007 de 17 de xaneiro; 421/2014 de 25 de setembro; 367/2017 de 7 de setembro; 522/2019 de 12 de novembro...



Neste senso tamén a Sentenza do TS de 22/2021 de 25 de xuño, como a máis recente que menciona que é o Pleno da entidade é o que ten competencia para a resolución dos expedientes de revisión de oficio dos actos nulos de pleno dereito adoptados polos órganos das corporacións locais.

**3.- O resto de alegacións formuladas no recurso de reposición, xa foron obxecto de resolución coa resolución de inadmisión do Pleno de data**

O artigo 106.3 da Lei de Procedemento Administrativo *“3. El órgano competente para la revisión de oficio podrá acordar motivadamente la inadmisión a trámite de las solicitudes formuladas por los interesados, sin necesidad de recabar Dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo de la Comunidad Autónoma, cuando las mismas no se basen en alguna de las causas de nulidad del artículo 47.1 o carezcan manifiestamente de fundamento, así como en el supuesto de que se hubieran desestimado en cuanto al fondo otras solicitudes sustancialmente iguales.”*

O técnico de Xestión Tributaria propuxo a inadmisión da solicitude de revisión de oficio por tratarse dunha solicitude que foi desestimada con anterioridade, que é unha das causas que recolle o artigo 106.3 da LPAC como causa de inadmisión.

O interesado, D. Iván Graña Valiño, recorreu a providencia de contriximento, recurso, que foi desestimado e contra dita resolución presentou recurso contencioso administrativo diante do Xulgado do contencioso administrativo, PA 111/2021. Recurso que se resolveu por auto no que se ten por desistido ao demandante D. Iván Graña Valiño. Resolución que converte en cousa xulgada a resolución recorrida.

Igualmente o artigo 106.3, permite a inadmisión da revisión de oficio cando a solicitude careza manifiestamente de fundamento.

Suposto que se da no presente expediente, o reclamante solicita a revisión de oficio por darse unha causa de nulidade ou de anulabilidade das recollidas na Lei 39/2015, artigos 47 e 48.

En primeiro lugar, indicar que as causas de anulabilidade non poden dar lugar a unha revisión de oficio senón a unha declaración de lesividade conforme o procedemento establecido no artigo 107 da LPAC.

En segundo lugar, fai alusión a cada un dos apartados recollidos no artigo 47 como causas de nulidade pero sen motivar as mesmas, con respecto a primeira, lesión dos dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional, non indica cales foron os dereitos lesionados, como consta no expediente administrativo a denuncia foi notificada no acto ao infractor, que se negou a sinatura da notificación da denuncia seguindo o disposto no artigo 89 da Lei sobre tráfico. A notificación despreza todos os seus efectos desde este momento. No documento da denuncia constan os requisitos esixidos legalmente a información sobre procedemento, conforme o disposto no RDL 6/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

A segunda das causas de nulidade as que fai referencia a LPAC, acto ditado por órgano manifiestamente incompetente, o alcalde é o órgano competente, non obstante a denuncia como indica o artigo 95, no caso de non formularse alegación no prazo de 20 días naturais contra a mesma, sorte efecto de acto resolutorio do procedemento. Isto supón que se pode proceder a execución da sanción aos 30 días.

A terceira, a referencia a constitución de infracción penal, ao tramitarse o procedemento legalmente establecido non existe infracción penal ningunha.

Ao resto de causas de nulidade do artigo 47 non fai ningunha outra mención que o propio artigo.

Por todo o exposto, procede desestimar o recurso de reposición presentado contra o acordo plenario de 28 de xullo de 2022 polo que se acordaba a inadmisión da revisión de oficio solicitada por D. Juan Carlos Martínez Romasanta en representación de D. Iván Graña Valiño, por concorrer as causas recollidas no artigo 106.3 da LPAC, 1º Por terse desestimado unha solicitude substancialmente igual. O recorrente recorreu a través de recurso de reposición que lle foi desestimado acudindo posteriormente a vía xudicial a través de recurso contencioso administrativo que foi obxecto de arquivo por desestimento do recorrente e 2º, por carecer manifiestamente de motivación a súa solicitude, pois non motiva ningunha das causas de nulidade recollidas no artigo 47 da LPAC.

A presente resolución poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo diante do Xulgado do Contencioso administrativo de A Coruña no prazo de dous meses a contar do día seguinte da notificación da mesma.”



CONCELLO DE  
OLEIROS

Á vista do contido do informe emitido e no uso das facultades delegadas pola alcaldía, propoño a adopción do acordo seguinte:

**Primeiro.-** Desestimar o recurso de reposición presentado contra o acordo plenario de 28 de xullo de 2022 polo que se acordaba a inadmisión da revisión de oficio solicitada por D. Juan Carlos Martínez Romasanta en representación de D. Iván Graña Valiño, por concorrer as causas recollidas no artigo 106.3 da LPAC, 1º por terse desestimado unha solicitude substancialmente igual. O recorrente a través de recurso de reposición alegou o que tivo por convinte, que lle foi desestimado acudindo posteriormente á vía xudicial a través de recurso contencioso-administrativo que foi obxecto de arquivo por desestimento e por carecer manifestamente de motivación a súa solicitude, pois non motiva ningunha das causas de nulidade recollidas no artigo 47 da LPAC.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo ó interesado, facéndolle saber que contra o presente acordo poderá interpor recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezarán a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.”

Todo isto sen perxuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.”

**Punto 9.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2022006272 ao nº 2022006549 e do nº 2023000001 ata o nº 023000349 (incluídos)**

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2022006272 ao nº 2022006549 e do nº 2023000001 ata o nº 023000349 (incluídos).

**Punto 10.- Mocións, rogos e preguntas**

- **mocións**

Sinala o alcalde, D. **Ángel García**, que hai varias propostas de moción presentadas, empezando pola achegada polo BNG en canto á implantación dunha planta de reciclaxe no peirao de Oza, dándolle neste intre a palabra ó voceiro do nomeado grupo para que a expoña.

**10.1.- Moción do goberno municipal “Mixto”-BNG en canto á concesión de autorización ambiental da Xunta da Galiza para instalación dunha Planta de almacenaxe e pre-tratamento de aceites industriais e hidrocarburos no Peirao de Oza da Coruña**

De orde do alcalde expón a moción presentada o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, dando lectura ó texto da moción que se transcribe no acordo acadado.

**Votación da urxencia**

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG, producíndose o resultado da unanimidade dos presentes nesta sesión, é dicir, por **dezanove (19) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous



CONCELLO DE  
OLEIROS

(02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda proceder a tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, manifestando que a consellería de medio ambiente tramitou un procedemento administrativo habitual en canto á petición da empresa LIMPOIL actuándose de conformidade ó disposto na lexislación vixente segundo o Capítulo II do RDLexislativo 1/2016 e da Lei 21/2013, de 9 de decembro.

Segundo lles consta e despois de varios requerimentos e petición de informes tanto por parte do Concello da Coruña coma da Xunta de Galicia, ó ser un proxecto que podía chegar a causar impactos ambientais significativos por ser unha zona de sensibilidade especial, o promotor reformulou o proxecto presentado para unha nova consideración por parte do Concello da Coruña no 2017 e no que valora a resposta dada pola promoción ós requerimentos do primeiro informe, acordándose de que todas as augas residuais xeradas conectaranse á rede de saneamento da EDAR municipal, evitando así o seu vertido ó dominio público terrestre, polo tanto non poden estar de acordo co punto 4º da moción presentada, no que atinxe á autorización ambiental integrada porque o proxecto agora cumpre con todos os requisitos legais e medioambientais ó ser avaliada positivamente.

Débese destacar que para iniciar o procedemento é necesario que exista unha compatibilidade urbanística declarada polo concello e a promoción debe presentar ademais á Xunta de Galicia o título habilitante do propio concello porque sen éste non se podería outorgar a autorización, porén a Xunta de Galicia cumpriu coa lei e agora queda en mans do concello que siga cara adiante esta autorización, propoñendo unha votación por puntos e se non é así a súa retirada, como xa dixo, do punto 4º proposto. De non ser así, votarán en contra do seu conxunto.

Intervén a concelleira do grupo “Socialista”, Dª **Anna Candal**, dicindo que para o seu grupo a instalación da planta tratamentos oleosos é perigosa ó haber un risco importante de impacto medioambiental, os aceites detes buques son altamente contaminantes e deberíase buscar alternativas para a súa ubicación noutro emprazamento, polo que están de acordo coa moción.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, explicando que a ubicación desta planta está en terreos do concello da Coruña e cre que xa nun pleno recente da Coruña o concello desestimou a súa instalación nesa zona, polo que o seu grupo apoia tamén a moción, ademais de ser perxudicial para a ría.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que cando o goberno local veu a moción pareceulles ben, este tema leva sendo denunciado hai vinte anos por este concello e cando a empresa LIMPOIL xa tiña un contrato para limpar a ría de aceites e de crudo procedente dos buques e de todo tipo de residuos existentes na lámina da bahía e hai vinte anos, esta empresa recollía estes residuos depositándoos nun alxibe que tiña nesa zona e cando se enchía o contrato establecía que eses residuos había que levalos á planta de tratamento de As Somozas, pero



CONCELLO DE  
OLEIROS

resulta que en vez de levalos alí desviábase na pasaxe e dirixíase a unha nave en Icaria e evacuaba todos eses residuos á rede de saneamento, co que volvía para a ría porque naquel intre aínda non funcionaba a EDAR de Bens. Denunciado este feito ante a Fiscalía aíndaa día de hoxe aínda non tiveron comunicación de ningún tipo ante un tema que considera gravísimo, agora queren legalizar a actividade desa empresa que foi clandestina, esta empresa seguiu coa súa actividade e agora parece que amplía o negocio, xa non usa un alxibe senón que vai instalar unha planta en 500 m2 no porto pesqueiro de Oza que e a lei é taxante porque nos peiraos non pode haber ningunha planta contaminante porque non cabe outra actividade que non sexa a pesqueira.

Porén vólvese reactivar este conflito, as asociacións de veciños de Oza, Gaiteira e Os Castros claman contra a instalación desta planta, súmanse diferentes organizacións políticas como o BNG ou a Marea Atlántica, pero o expediente nunca se pecha e seguen a traballar e o máis grave é que despois de iniciar os tramites hai cinco anos pola empresa LIMPOIL para o informe medioambiental ante a Xunta de Galicia non se lles contesta, cando o tiñan que facer en seis meses.

Agora aparece un informe que sinala que si se canaliza a través da rede de saneamento podería ser viable, pero o peor é que pode que a Xunta chegue a dar o visto e prace deixando a pelota no tellado do Concello da Coruña, que é realmente quen debe autorizar a licenza, téndose Portos que definirse tamén pero non informa, Augas de Galicia tampouco, polo que existe logo unha consellería que o informa e outros departamentos ligados tamén ó Partido Popular que non se definen, pero o máis gravé é a postura do Concello da Coruña porque ten que denegar esta licenza dunha vez, pero a raíz da campaña que este goberno municipal fixo ante as emisoras de radio, provocou que unha organización política presentase unha moción ó pleno municipal da Coruña e para sorpresa de todos, o PP absténse, non vota en contra e os demais grupos da Corporación votan favorablemente para que non se autorice esa planta no peirao de Oza. Aínda que unha cousa é o acordo e outra a vontade política do goberno municipal da Coruña de executalo, instando á empresa que se buscase outro emprazamento.

Dito isto, anuncia o voto favorable do seu grupo pero vai un pouco máis alá, no senso de que propón incluír como emenda á moción presentada outro apartado nos acordos a adoptar e que é o seguinte:

- Instar ó Concello da Coruña a denegar a licenza solicitada para o emprazamento da nomeada planta.

Contesta o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Ivan Roca**, propoñente da moción que lle parece perfecta a súa inclusión como un acordo máis a adoptar.

#### **Votación da moción**

Pasándose á votación da moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG coa inclusión da emenda exposta polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, acádase o resultado de **quince (15) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG; once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **catro (04) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular”).



CONCELLO DE  
OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *aproba* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG, que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta ven de conceder a Autorización Ambiental Integrada á planta de recepción e pretatamento de aceites de buques que Limpoil quere instalar nas inmediacións das instalacións portuarias de Oza, no cerne da ría do Burgo. Sendo este servizo algo necesario para a actividade pesqueira, a todas luces, a escollida non é a ubicación adecuada, en atención a protexer e preservar o noso patrimonio ambiental e ecolóxico máis próximo. Simplemente lembrar que a ría está sendo obxecto dunha tan necesaria como retrasada obra de dragado e que unha incidencia na planta referida podería afectar ás ribeiras da totalidade de concellos do estuario.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG de Oleiros propón a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Amosar o rexeitamento da corporación municipal á concesión da Autorización Ambiental Integrada ás instalacións de pretratamento de aceites e hidrocarburos no peirao de Oza.
- 2.- Apoiar ás entidades veciñais e organizacións sociais que xa se teñen posicionado contra deste proxecto e presentaron alegacións ao mesmo.
- 3.- Instar ao goberno municipal a que se presente, diante dos procesos administrativos correspondentes, como parte interesada, no ánimo de impedir o avance deste proxecto.
- 4.- Instar á Xunta de Galiza a denegar a Autorización Ambiental Integrada, procurando o seu traslado a unha zona de menos afectación pública e ambiental.
- 5.- Instar ó Concello da Coruña a denegar a licenza solicitada para o emprazamento da nomeada planta.”

Polo alcalde, D. **Ángel García**, sinálase que hai outra moción presentada polo grupo municipal “Popular”, na que solicita por unha banda unha cuestión que nada ten que ver con este plenario, como é a petición de cese da ministra e da secretaria de estado para a igualdade e outra parte da moción, na que se solicita que se disculpen polas consecuencias da aprobación da chamada lei do “sí é sí”.

**10.2.- Moción do grupo municipal “Popular” solicitando a disculpa, rectificación e cese inmediato da ministra e da secretaria do estado para a igualdade**

Exposta unha síntese da moción, o alcalde ordea que directamente se vote a urxencia da moción a efectos de ver si se procede ó seu tratamento ou non.

**Votación da urxencia**

Pasándose á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Popular”, producíndose o resultado da unanimidade dos presentes nesta sesión, é dicir, por **dezanove (19) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda proceder a tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

Explica a moción a concelleira do grupo “Popular”, D<sup>a</sup> **M<sup>a</sup> Dolores Silva**, explicando a moción que se transcribe na súa totalidade de conformidade coa pesentada no rexistro xeral municipal (R.E. nº 2023000855, de 18 de xaneiro):



CONCELLO DE  
OLEIROS

### “Exposición de motivos

O estado de dereito é un dos alicerces da democracia española, clave de bóveda de calesquera actuacións públicas e garante da convivencia cidadá. Para consolidar ese marco de protección, o noso país debe non só desincentivar condutas consideradas reprochables, senón asegurar un tratamento civil ou penal que castigue os ilícitos cometidos.

Estes obxectivos son máis importantes se cabe no ámbito da violencia de xénero, que implica os dereitos liberdade e indemnidade sexuais. A violencia de xénero é unha das manifestacións máis crueis e inhumanas do fracaso en convivencia entre homes e mulleres. Esta lacra social erosiona o dereito ó libre desenvolvemento da personalidade na esfera sexual, así como a integridade física e moral, e incluso a vida das mulleres. A violencia de xénero tamén afecta ó benestar e desenvolvemento psíquico dos menores de idade e das persoas con discapacidade, respecto a súa integración social e ó seu desenvolvemento físico e psicolóxico.

España foi un país pioneiro na loita contra a violencia de xénero, despregando unha axeitada protección en materia de violencia de xénero desde a normativa nacional e internacional, destacando aquí o Convenio de Estambul e o Convenio de Varsovia. A nivel nacional, o noso país conta coa Lei de asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, unha norma referente na protección das vítimas de violencia de xénero. Estas leis complementan a tipificación penal propia dos distintos delitos que afectan á liberdade e indemnidade sexual.

Ademais, o noso espírito de consenso político que debe dominar estas políticas, en decembro de 2017 aprobouse o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, ó que lle deu pulo o Partido Popular e dotou economicamente o goberno de Mariano Rajoy con 1000 millóns de euros. O Pacto foi ratificado polos Grupos Parlamentares, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, 500 millóns entre Comunidades Autónomas e 400 millóns entre os organismos competentes da Administración Xeral do Estado. Todo elo para loitar contra a violencia de xénero en áreas como sensibilización e prevención; resposta institucional; axuda e protección á vítimas ou asistencia e protección dos menores.

Sen embargo, a Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida como a Lei do “solo sí es sí”, modificou o Título VIII do Código Penal no relativo ós delitos denominados actualmente de liberdade sexual. Agora todos estes delitos son considerados agresión sexual, cando con anterioridade dividíanse en abusos ou agresións sexuais, segundo a súa gravidade. Aínda máis grave, as penas destes feitos delictivos especialmente lesivos para as mulleres e menores se viron reducidas para dar cabida a delitos de menor envergadura. Estas circunstancias implica que moitos dos condenados por estes feitos poderán acollerse a unha redución das súas penas, pola aplicación de obriga do principio de norma máis favorable para o reo, en base ó art. 2 do Código Penal. Unha circunstancia da que o Grupo Parlamentario Popular avisou durante a tramitación da Lei, sendo entón acusados os seus deputados de difundir bulos, por parte da coalición de goberno.





CONCELLO DE  
OLEIROS

Estes bulos resultaron ser verdades. As consecuencias da inacción gubernamental obsérvanse hoxe. Poucos meses despois da aprobación da Lei do “solo sí es sí” por parte do goberno e a instancias do Ministerio de Igualdade que dirixe Irene Montero, máis de 160 agresións sexuais víronse rebaixas das súas penas.

Esta situación é inaceptable. A Lei do “solo sí es sí” demostrouse claramente ineficaz en lograr os seus obxectivos de protección das mulleres. Non protexe ás mulleres de hoxe nin ás vítimas de onte e só favorece a revictimización. Por se non fora suficientemente grave a situación, ante as críticas da xudicatura e da opinión pública ó Ministerio de Igualdade, primeiro a Ministra Irene Montero acusou ós xuíces de “machistas” que aplican defectuosamente a Lei, con algún dos seus deputados considerándoos incluso “fachas con toga”.

Recentemente, a Secretaria de Estado de Igualdade, Ángela Rodríguez, restou relevancia ás excarceracións de agresores sexuais, aducindo que “ó mellor (o agresor) vai ó cárcere despois de ter asasinado xa”. Poñer en dúbida a necesidade da aplicación do Código Penal é burlarse das vítimas. Ángela Rodríguez ademais relativizou sobre as olas de condenados por delitos sexuais agora en liberdade, argumentando que as críticas á Lei eran “bulos, noticias falsas e manipulacións”.

Eses bulos resultaron de novo ser verdades, como as cifras de excarcerados trala entrada en vigor da Lei do “solo sí es sí” atestemuña. De novo, máis de 160 agresores sexuais viron rebaixas as súas penas.

Pola dignidade e dereitos das vítimas, o Partido Popular considera que a gravidade dos feitos e a alarma social xerada pola irresponsabilidade e inacción do Ministerio merecen unha resposta clara e urxente. É notorio o nulo rigor do Ministerio de Igualdade de Irene Montero durante estes anos do goberno de Pedro Sánchez. Nese senso, a responsabilidade non é só das responsables do Ministerio, senón do goberno do que depende o seu presidente, Pedro Sánchez, que respaldou a aprobación da Lei do “solo sí es sí” e nomeou a Irene Montero ministra.

Polo tanto, en vista das declaracións políticas, así como de continuas excarceracións de agresores sexuais producidas pola inacción do goberno e Ministerio de Igualdade, preséntase a seguinte proposta de acordo:

- O Pleno do Concello de Oleiros insta ó goberno a destituír á Ministra de Igualdade, Irene Montero, e á Secretaria de Estado do ramo, Ángela Rodríguez, polas irresponsables e indignas declaracións efectuadas e pola inacción legislativa para protexer ás mulleres. Para isto, propón ó goberno:
  - Que pidan disculpas, rectifiquen e sexan cesadas inmediatamente tanto a Ministra, Irene Montero, coma a Secretaria de Estado de Igualdade, Ángela Rodríguez, respecto ás súas declaracións a xuíces e partidos políticos na aplicación da Lei do “solo sí es sí”.
  - Que se retomen os traballos para a continuidade do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero, dotándoo de fondos para a súa aplicación plurianual, en coordinación cos Partidos Políticos, Comunidades Autónomas e Entidades Locais.



CONCELLO DE  
OLEIROS

- Que se elabore con tódalas Comunidades Autónomas na discusión, elaboración e implantación de medidas sobre violencia de xénero, desde o marco do consenso que ofrece a Conferencia Sectorial de Igualdade.
- Que o Concello de Oleiros non participe en ningún acto institucional ou protocolario con presenza de altos cargos do Ministerio, en sinal de solidariedade con tódalas vítimas, ata que non se cumpran as esixencias de rectificación e cese aquí propostas.”

Intervén a concelleira do grupo “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, sinalando que facendo un exercicio grande de contención, vanse posicionar a respecto dunha moción que falla á verdade en moitos dos seus aspectos.

O Partido Popular nunca defendeu nin desenvolveu políticas de igualdade, ningunha política transformadora nesta materia, dedicándose fundamentalmente a votar en contra e interpoñendo recursos de inconstitucionalidade, agás no ano 2004 que aprobaron a Lei Orgánica contra a Violencia de Xénero porque a nivel internacional había moita presión mediática ó ser unha lei que ía ser unha referencia.

Dito isto, ten que sinalar que ó Partido Popular só lle interesa o tema da igualdade como arma de confrontación contra o goberno do Estado ou cando cre que pode obter un rédito electoral, unha absoluta incoherencia na que agora pretenden dar a sensación de que se preocupan da igualdade cando xamais o fixeron, nunca tiveron interese en construír nesta materia ou propoñer só inflamar como agora, presentando mocións sen utilidade en parlamentos autonómicos e concellos que caracen de competencias en asuntos penais, é evidente que a súa única estratexia é a de facer ruído.

En 1985 o Partido Popular vota en contra da despenalización do aborto; no ano 2002 vota en contra dunha proposición de lei orgánica de medidas para a protección integral contra a violencia de xénero que tratou de impulsar o grupo parlamentario socialista; no 2007 o Partido Popular non apoia a lei orgánica para a igualdade efectiva entre homes e mulleres, en resposta ó Tribunal Constitucional polas listaxes paritarias; no ano 2008 o Tribunal Constitucional declara a legalidade da norma de hoxe en día, que é un feito en materia de igualdade no noso país; no ano 2010 o Partido Popular vota en contra da lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, presentando novamente recurso constitucional que aínda está sen resolver; no ano 2013 a proposta que expón o PP tratando de substituír a lei do aborto, é un anteproxecto de lei para a protección da vida dos dereitos da muller embarazada.

Seguimos, no ano 2017 apróbase o pacto de estado que se nomea no texto da moción, contra a violencia de xénero en maio de 2018, milleiros de persoas teñen que saír de novo á rúa para exixir ó goberno que inclúa no orzamentos xerais os 200 millóns que, segundo o acordo acadado por tódolos grupos políticos, eran necesarios para dotar economicamente ó pacto de estado para, en agosto de 2018 coa chegada do goberno de Pedro Sánchez, foi cando se fixo efectivo o financiamento das transferencias ás comunidades autónomas e ás entidades locais; no ano 2022 o Partido Popular vota en contra da iniciativa do PSOE, que converteu en acoso as cléricas da interrupción voluntaria do embarazo nun delito.



CONCELLO DE  
OLEIROS

Para agora aquí, neste concello, solicita o Partido Popular que se pidan disculpas e é certo que non é unha lei tan perfecta como a do 2004, que foi unha lei perfecta en contra da violencia de xénero, pero esta lei aínda que teña un vacío legal que poida dar un certo sesgo de ambigüidade xudicial tamén é certo que a semana pasada unha muller supostamente violada por un famoso futbolista a día de hoxe está preso grazas a esta lei ademais da confianza que hoxe en día en día teñen as mulleres de que van ser protexidas, de que pode ir soa a unha discoteca e só polo feito de tomar unha copa cunha persoa a poida violar, por iso esa seguridade de que pode denunciar a unha persoa que teña poder, iso é o que o seu grupo quere que sexa efectivo, a denuncia e a protección, por iso están totalmente en contra desta moción. É máis, o que se debería é colaborar con todas as comunidades autónomas na elaboración e implantación de medidas contra a violencia de xénero, tal e como sinala a lei.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, salientando que existen moitas cousas que non entende do goberno do Estado, porque levan tres anos para reformar leis que considera de pouco carácter democrático, como pode ser a lei mordaza, a lei de seguridade cidadá, ou a lei da chamada prisión permanente revisable, que non é máis que un xeito eufemístico da cadea perpetua.

Cre que están máis por facer estudos electorais destes temas, cando deberían ter vontade de facelo ben, é dicir, de facer o que teñen que facer, esta lei coñecida como a do “sí es sí”, que o BNG considerana moderna, necesaria, unha débeda histórica coas mulleres, e non só coas mulleres porque os homes tamén poden ser violados ou agredidos sexualmente.

Houbo unha reforma do código penal por esta vía que situou o consentimento coma eixo fundamental, pero o que lle sorprende moito é que coa cantidade de asesores legais existentes tanto no ministerio de igualdade, no goberno ou incluso no parlamento, non caeran nos posibles efectos da retroactividade da lei máis favorable, que é o que está a pasar, que abarca todo o réxime sancionador, non só o penal, beneficiándose agora moitos abusadores conforme á lei anterior saíndo anticipadamente á rúa, unha consecuencia técnica que entende que é difícil de corrixir e máis recoñecendo isto, cre que a ministra errou e estase a decatar porque o mesmo Tribunal Supremo recoñece que hai que aplicar retroactivamente certos aspectos desta lei, aínda que hai que recoñecer que os aspectos positivos desta lei son moito máis favorables para as mulleres porque reparan casos nos que coa lei antiga incluso non chegaban a entrar en prisión despois dunha violación, agora é imposible coa súa aplicación, non quita que estea en desacordo coas declaracións da ministra, que non as entende, sempre politizando á xustiza.

Insiste en que aínda que se están a beneficiar algúns da retroactividade da norma máis favorable, existen outras sentenzas que manteñen a condena, pero os beneficios son máis que evidentes para as mulleres e o consentimento debe ser expreso, de aí que o BNG votará en contra da moción presentada.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, manifestando que o seu Partido leva impreso no seu ADN a defensa integral da igualdade entre o home e a muller, é máis, aplicando o sentido común entende que este asunto trascende máis alá das siglas políticas.



CONCELLO DE  
OLEIROS

O seu partido no congreso dos deputados apoiaron a famosa lei do “sí es sí” e como todo texto legislativo pode ter as súas deficiencias, pero non ten sentido en pleno século XXI debater sobre se as mulleres deben ter os dereitos que teñen, que teñen que estar protexidas do acoso sexual, das agresións, das violacións, etc. etc., o que non debe ser é a prepotencia coa que se actúa, é dicer, si se presenta unha lei na que o foco principal era protexer á muller e existen deficiencias, o que teñen que facer é recoñecelo tanto a ministra coma a secretaria do estado para a igualdade facer as modificacións que sexan precisas, ninguén está exento de cometer erros e nin PP, PSOE ou Podemos teñen a capacidade para poder tachar ós xuíces de machistas, feministas ou o que sexan, cando o foco principal ten que ser a protección da muller, polo que o que deben facer tanto a ministra como a secretaria de estado para a igualdade é pedir disculpas e poñer tódolos medios xurídicos cos que contan para arranxar a lei. Polo dito, vaise abster porque insiste en que a lei é boa pero ten que se mellorar.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, anunciando que a “Alternativa dos Veciños” non pode estar a favor desta moción de ningunha das maneiras, principalmente no que atinxe ás peticións de destitucións tanto da ministra coma da secretaria de estado, que se disculpen e que o concello non participe de ningún acto... ata aí poderíase chegar, o goberno municipal decide en que actos participa e en cales non, como non podería ser doutro xeito.

Insiste, como xa dixo cando se ía tratar a moción, de que existen partes do seu contido que poderían ser dixeribles como que se retomen os traballos para a continuidade do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero, dotándoo de fondos para a súa aplicación plurianual ou que se elabore con tódalas Comunidades Autónomas na discusión, elaboración e implantación de medidas sobre violencia de xénero, desde un marco do consenso que ofrece a Conferencia Sectorial de Igualdade, porque é un tema de Estado. A lei é unha lei boa no seu espírito pero que contén erros que hai que subsanar, por sito e como xa dixo o goberno municipal non vai apoiar a moción presentada polo Partido Popular, que está xa en campaña e trata de tocar todo o que presupón que lle vai dar réditos políticos, aínda que a costa de “Alternativa dos Veciños” vai ser que non.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, pondo de manifesto que todos e todas segundo o debatido, son conscientes de que a lei contén erros que se deben corrixir e a resposta dada polo ministerio de igualdade foi botarlle a culpa a xuíces e fiscais e cre que se a ministra tivera un pouco de dignidade debería dimitir.

Antes de pasar á votación da mesma, solicita intervir a concelleira do grupo “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, insistindo en que o espírito da lei é bo porque focaliza a defensa e protección das mulleres e volve salientar que a lei do ano 2004 foi un referente a nivel europeo e non entende, despois da intervención do concelleiro de Ciudadanos, que se vaia abster cando sinalou que se trataba dunha lei boa, de aí que lle estrane a súa ambigüidade.

Intervén por alusións o concelleiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando que non se está a falar sobre a lei do 2004, débatese sobre a lei do “sí es sí”, insiste que é unha lei que Ciudadanos apoiou no congreso e unha cousa é a lei e outra esta moción presentada, considera que se trata dun tema tan sumamente importante que está por riba do seu tratamento neste concello, aínda que á marxe disto e recoñecendo que a lei



CONCELLO DE  
OLEIROS

é boa, se ten carencias como ben se puxo de manifesto, débense subsanar cun pouco de humildade, que fai falla unha pouca nestes intres na política.

#### **Votación da moción**

Da orde do alcalde pásase á votación da moción presentada polo grupo municipal “Popular”, prodúcese o resultado de **catro (04) votos a favor** (catro (04) do grupo municipal “Popular”; **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **catorce (14) votos en contra** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

O alcalde, D. **Ángel García**, segue na quenda de mocións, manifestando que existe outra moción de Ciudadanos, polo que dá a palabra ó voceiro do nomeado grupo.

#### **10.3.- Moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos solicitando a dotación de novos locais ós grupos políticos municipais**

Expón o texto da moción o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, dando lectura á moción que se transcribe na parte dispositiva do acordo acadado.

#### **Votación da urxencia**

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, producíndose o resultado da unanimidade dos presentes nesta sesión, é dicir, por **vinte (20) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; un (01) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda proceder a tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos.

Intervén a concelleira do grupo “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, sinalando que imos logo a escribir unha carta ós Reis Magos, leva catro anos pedindo alumeado para un parque diurno como o de Nirvana e neste caso a percepción de se o local dos grupos políticos é digno ou non é unha apreciación persoal, anuncia a abstención do seu grupo.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, manifestando que o concello empeza polo alcalde, polos concelleiros e concelleiras do goberno, pero tamén teñen importancia os medios e o xeito de poder desenvolver a súa función os concelleiros e concelleiras da oposición, non ten ningunha queixa de ninguén ata a data empezando polo alcalde e seguindo polos funcionarios e funcionarias é máis, ata este intre un tratamento incluso cálido, pero tamén escoitando o estado na que se atopa a nomeada oficina, que insiste aínda non coñece, parece



CONCELLO DE  
OLEIROS

que se podería mellorar, non sabe se podería ser a posta a disposición dunha oficina por grupo político, dotándoos de medios e cre que engrandecería aínda máis ó propio concello, son cousas lóxicas de aí o seu voto favorable.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, salientando existen moitos locais en edificios municipais, casas do pobo etc., que están a disposición de todos para poder xuntarse e en canto á secretaria adscrita ós grupos políticos municipais, é certo que existe un problema porque cada dous por tres está de baixa pero é un tema que ten unha difícil solución, respecto do local é certo que as condicións non son as idóneas e vanse arranxar e espera que cando empece a nova Corporación estean mellor.

### **Votación da moción**

Da orde do alcalde pásase á votación da moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, producíndose o resultado por **dezasete (17) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos ; once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *aproba* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos que se transcribe:

#### “EXPOSICION DE MOTIVOS:

Cando Ciudadanos presentouse nas derradeiras eleccións municipais, manifestou reiteradamente tanto na campaña electoral coma na toma de posesión do seu concelleiro, que o seu obxectivo, sería traballar para sumar e construír desde o diálogo, o respecto e o consenso.

Entendemos que así o demostraron nos máis de tres anos e medio de lexislatura apoiando todas as iniciativas beneficiosas para os cidadáns de Oleiros independentemente da cor do grupo municipal que as presentase.

Para elo, e tal e como figura no ROM, no seu título I, artigo 7, onde se determina que “nla medida das posibilidades funcionais da organización administrativa do Concello, poñeranse a disposición dos grupos políticos municipais unhas infraestruturas mínimas de medios persoais e materiais na casa do Concello ou inmobile próximo pertencente ao Concello, infraestrutura que poderá ser común para todos os grupos políticos.”

Na actualidade as instalacións con que conta a oposición son deficitarias tanto en espazo coma en medios, e o que é máis grave, dispoñen dunha accesibilidade que impide o achegamento de cidadáns con minusvalía.

Entenderíamos que esta situación non se podería modificar, de non existir no Concello outros locais baleiros, que poidesen ser destinados a albergar aos grupos da oposición.

Pero ese non é o caso evidentemente, polo que nos permitimos solicitar un despacho para cada un dos grupos políticos municipais noutras instalacións máis axeitadas.

Non debemos esquecer que os grupos políticos da oposición, obtiveron nas últimas eleccións o apoio de 7.095 cidadáns de Oleiros, o que supón o 39,69% dos votantes e estes, merecense uns locais dignos onde poder ser atendidos cando o necesiten.

Sería en consecuencia convinte, que de forma inmediata para os meses que quedan de lexislatura e para os partidos políticos que se integren na oposición a partires dos resultados electorais das próximas eleccións do 28 de maio de 2023, se habilitasen os locais mencionados.

Por todo elo, propoñemos a todos os Grupos do Concello, adoptar o seguinte ACORDO:

Dotar aos grupos políticos da oposición duns locais dignos que permitan traballar axeitadamente aos concelleiros elixidos democráticamente co casi 40% dos votos do pobo de Oleiros e dispoñan



CONCELLO DE  
OLEIROS

consecuentemente dunhas instalacións adecuadas cuns accesos que non incumpran a normativa de accesibilidade vixente así como dos medios necesarios para o desenvolvemento do seu labor.”

**\* rogos e preguntas**

**10.4.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre deficiencia no alumado da Rúa Regos (Urbanización)**

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Na rúa principal da Urbanización dos Regos, Rúa Regos, existen moitas zonas a escuras ou con moi pouco alumado, sobre todo na zona do parque, solicitan que se dea unha solución a esta deficiencia.”

**10.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre existencia de procesionaria en parques e xardíns da zona de Perillo e Sta. Cristina**

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“Veciños das zonas de Agramar, Beiramar, Perillo e Sta. Cristina trasladáronlles a súa preocupación pola existencia de procesionaria nos parques e xardíns, alertando tanto das consecuencias derivadas ás árbores coma ás persoas.

A estratexia contra este insecto, que ten a consideración de praga forestal, inclúe o uso de insecticidas biolóxicos, a utilización de trampas para capturar ós machos, uso de inhibidores de crecemento, destrución de niños, dispositivo de capturas de orugas e alternativas químicas.

No PP de Oleiros cren que esta problemática está sendo tratada de xeito inadecuado e insuficiente polo que rogan que proceda ó desenvolvemento dunha programación preventiva, continuada e realista, tendo ademais en conta que os ámbitos a tratar son reducidos.”

**10.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre retirada de pólas de árbores caídas en varias zonas municipais**

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D<sup>a</sup> **M<sup>a</sup> Dolores Silva**, sinalando:

“Con ocasión dos fortes ventos e temporales sufridos estes días desprendéronse moitas pólas das árbores que estaban en mal estado, polo que rogan que dean as instrucións oportunas á empresa concesionaria que procedan ó seu corte cando pudran e, sobre todo, que procedan á retirada das xa rotas que se manteñen noutras árbores e que ó final rematarán por caer.”

**10.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre pintado da Avda. Ernesto Che Guevara**

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“Empezaron co pintado do asfalto da Avda. Ernesto Che Guevara e pararon, quedando a medio pintar, rogan que na maior brevidade posible procedan a rematar o seu pintado.”

**10.8.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre alumado deficiente na zona do Paraíso-Beiramar e eliminación de obstáculos da N-VI**

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando:

“Na zona de Paraíso-Beramar os veciños queixanse de que existe un alumado escaso, incluso nalgunha zona non hai e tamén si se poden solucionar os obstáculos existentes na N-VI produto das obras que se están levando a cabo.”

**10.9.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre instalación dunha fonte no parque infantil de Mesón da Auga**

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Diego Chazarreta**, sinalando:

“Desde o grupo municipal “Socialista” rogan que se dote ó parque infantil do Mesón da Auga dunha fonte de auga potable, dado que no verán e ó non existir ningunha zona de sombra, os cativos xogan a pleno sol e estaría ben que se instalase unha fonte pra hidratarse como había no antigo parque.”



CONCELLO DE  
OLEIROS

**10.10.- Rogo do grupo municipal "Socialista" sobre substitución dos bancos no parque da Rúa Obelisco**

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Diego Chazarreta**, sinalando:

"Rogan que se proceda ó arranxo ou substitución dos bancos existentes no parque da Rúa Obelisco, detrás da Casa do Concello, dado que había seis bancos e a día de hoxe hai tres e un deles precintado desde hai un mes, que segue sen reparar."

**10.11.- Rogo do grupo municipal "Socialista" sobre cambio da iluminación da Casa do Pobo de Montrove e do mobiliario da cafetería**

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Diego Chazarreta**, sinalando:

"Rogan que aproveitando que está pechada a Casa do Pobo de Montrove, polo acontecido é coñecido por todos, se proceda á instalación dunha iluminación máis efectiva, cambiando a LED e, se fose posible, se actualizase o mobiliario da cafetería porque a verdade é que está moi deteriorado, tanto as cadeiras coma as mesas."

**10.12.- Rogo do grupo municipal "Socialista" sobre a loita contra a flor da pampa (plumachos)**

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Diego Chazarreta**, sinalando:

"O pasado 8 de xaneiro saíu unha nota de prensa no diario NOS, no que se recollía unha investigación da Universidade da Coruña, na que dous biólogos deron cun sistema para loitar contra o plumacho, contra a flor da pampa. Trátase dunha materia ou mircoorganismos que comen a semente da planta, sinalando nese artigo que a Xunta de Galicia está disposta a poñela en practica, descoñece se o concello ten constancia disto e, se fose o caso, se podería chegar a ser este concello un dos que proben esta practica chegando a ser pioneiros neste tema, polo que roga que se teña en consideración este asunto."

**10.13.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre cambio da Rúa dos Sauces por Rúa dos Salgueiros**

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"O Concello de Oleiros conta con ordenanza municipal de normalización lingüística desde o ano 2004, outros como o Concello da Coruña aínda están practicamente nelo, dío para recoñecer o compromiso do Concello de Oleiros co noso idioma e a normalización lingüística, o que pon en valor.

Porén propón como suxestión, aproveitando a apertura á cidadanía do treito do Paraíso anunciado recentemente, viu na prensa o nome de diferentes rúas da zona, nomeadamente da chamada Rúa dos Sauces, rogaría que mudasen ese nome por Rúa dos Salgueiros, que é un nome bastante máis fermoso e un árbore moi común no concello."

**10.14.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre baixa temperatura na auga da piscina municipal de perillo**

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"Veciños e veciñas de Oleiros, usuarias da piscina municipal de Perillo manifestan ao BNG continuas avarías na caldeira da mesma que ocasionan que a auga da piscina teña unha temperatura manifestamente inferior á habitual e con reiteración no tempo. Sinalan tamén ter elevado queixas á concesionaria debido a esta incidencia, aínda que ten que salientar que él foi en varias ocasións á mesma e a verdade é que a temperatura estaba ben.

Dito isto, roga ao goberno local que investigue estes feitos e no caso de seren acreditados, se inste á concesionaria a que tome as medidas oportunas para que a situación volva á normalidade."

Salienta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, que tiña outro rogo sobre o tema da procesionaria, pero como o presentou o concelleiro do Partido Popular, non o vai volver presentar e procede a expoñer o seguinte:

**10.15.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre o asolagamento do camiño da Rúa do Saber (Sta. Cruz)**

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:





CONCELLO DE  
OLEIROS

“O camiño do Saber volveuse asolagar após as últimas choivas, situación que se repite con demasiada frecuencia. Non é a primeira vez que elevamos esta situación ao pleno, agardamos que sexa a última. O devandito camiño é a vía mais segura para que a cativada se poda desprazar a pé até o CEIP Parga Pondal.

Rogo que se for posíbel, poña fin á devandita situación tan reiterada no tempo.”

**10.16.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre arranxo ou retirada dun balado metálico na Urbanización Icaria**

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando:

“Na Rúa Ícaro, á altura da Nave nº 4B están as instalacións de piscina e pistas de tenis da Urbanización Icaria, roga que se requira á comunidade da urbanización que proceda á retirada ou arranxo dun balado metálico duns 3 m. de altura que está desprendida, con franca ameaza para os viandantes.”

**10.17.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre sinalización na Rúa Francisco Taxes e das Avogadas**

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando:

“Na Rúa Francisco Taxes e na Rúa das Avogadas, onde está o actual centro xuvenil e antes o servizo de protección civil, existe un caos circulatorio porque as sinais do chan están borradas; existe un sinal vertical que advirte da existencia dunha glorieta, que realmente non hai, polo que roga que se volva sinalizar esta zona para tranquilidade dos condutores e viandantes.”

**10.18.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre problemas de visión no cruce de Rúa da Piscina con Rúa Cubelos**

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando:

“Aínda que lle consta que o concelleiro responsable estivo mirando esta cuestión, desde hai tres anos advertiron da situación que se produce entre a Rúa da Piscina e Rúa Cubelos. Nesta zona existe unha beirarrúa onde os vehículos aparcen como lles peta, non se realiza ningún control do tráfico, impedindo a visión dos condutores que veñen da Rúa Cubelos e o problema pasaría por actuar ante o aparcamento de vehículos na beirarrúa, o que pode ser ó principio unha novidade, ó existir como un recoñecemento tácito da posibilidade de aparcen, pero insiste en que se dea unha solución porque o perigo é evidente.”

**10.19.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre as obras da N-VI e o pulsador dos semáforos**

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando:

“Nas obras que se están a executar na N-VI, no cruce do Sol y Mar, agora ó cambiar os semáforos colocáronos enriba duns cilindros grandes de formigón, que están cheos de cableado, e cando xusto vas darlle ó pulsador, eses cilindros teñen como unha repisa que adoitan encherse de auga, polo que roga que se realicen as xestións oportunas para que recheen esa zona e que non se encha de auga para cando actives o pulsador e evitar así un perigo evidente.”

**10.20.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre o cartel sito a carón do edificio COPIGAL**

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando:

“Instalaron a carón do edificio COPIGAL unha lona que en vez de dar información o que fai é criticar a antigos presidentes do goberno do Estado, de aí que o PP de Oleiros quere preguntar ¿Cal foi o custe de dito cartel? E ¿Parécelle normal o uso dos cartos públicos dos veciños de Oleiros para criticar a outras forzas políticas?.”

**10.21.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre custo das publicacións sobre equipamentos municipais**

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D<sup>a</sup> **M<sup>a</sup> Dolores Silva**, sinalando:

“¿Cal é o custe total dos 14.500 libros que se pretenden publicar sobre os equipamentos públicos de Oleiros? ; ¿Parécelle necesario gastar eses cartos públicos da cidadanía en fins electorais, cando só se engade o Parque das 13 Rosas ó publicado xa hai uns anos?.”



CONCELLO DE  
OLEIROS

**10.22.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre arranxo da Rúa Castromen**

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“¿Teñen pensado arranxar a Rúa Castromen, en Dexo, porque xa se pasaron diferentes avisos ó departamento de servizos municipais ó contar cunha gran fochanca ó seu inicio?”

**10.23.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre o regulamento de uso dos medios de comunicación municipais**

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“¿Cadno se ten pensado traer o regulamento prometido sobre os medios de comunicacións municipais?; ¿Contará cos grupos políticos da oposición para consensuar a súa redacción?”

**10.24.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre arranxo dos boquetes existentes na beiravía da estrada do Río**

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando:

“¿Cando se vai proceder a tapar os boquetes existentes na beiravía da estrada do Río? Perigosos para os viandantes e vehículos.”

**10.25.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre implantación de software nas bibliotecas públicas municipais**

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, sinalando:

“Ao grupo municipal “Socialista” gustaríalle preguntar se ¿Pode incluírse un software nas bibliotecas municipais de Oleiros para a existencia dunha base de datos municipal que permita ter unha información real e inmediata dos libros a disposición e a súa ubicación? Dado que a día de hoxe teñen só a rede bibliográfica da Xunta de Galicia.”

**10.26.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre implantación do servizo de aluguer de bicicletas**

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Socialista”, D<sup>a</sup> **Anna Candal**, sinalando:

“Ten pensado o goberno municipal a instalación do servizo de aluguer de bicicletas para facilitar a mobilización urbana, coa finalidade de que os xóvenes poidan desprazarse entre as distintas parroquias, evitando así o excesivo tráfico de vehículos, para poder asistir a diferentes actividades, como as escolares, deportivas ou reunións sociais?”

**10.27.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre estado no que se atopa a reforma do Mercado Municipal de Perillo**

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O goberno local anunciou en prensa que íase executar a necesaria reforma do Mercado Municipal de Perillo, de feito falábase de solicitar fondos europeos para a mesma, de aí que gustaríalle preguntar ¿En qué altura se acha o proxecto e cales van ser as características?, ¿Cando está previsto solicitar eses fondos europeos e en qué formato? E ¿Vai haber financiamento adicional á dos fondos europeos, vía Xunta de Galicia, Deputación ou mesmo do propio Concello?”

**10.28.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre diferentes cuestións a prever e a reclamar ante o inminente incremento poboacional na zona de Mera**

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O alcalde de Oleiros vén de manifestar e denunciar atinadamente, o escándalo e a nulidade que supón o presunto centro de día existente no andar superior da Casa do Mar de Mera, onde existen dúas persoas



contratadas para a intensísima axenda que ocasiona xestionar unha sesión semanal de pilates e outra mensual de podoloxía. Alén disto o alcalde advertiu da inminente chegada a Mera de sobre 1.000 novos habitantes que se instalarían nas Urbanizacións da Xentiña e Cividás.

Perante este incremento considerable de poboación nas parroquias do norte, demanda o alcalde tamén con moita razón, a ampliación do ambulatorio de Mera para poder acoller o tamén máis que necesario incremento de persoal sanitario e medios para o seu correcto funcionamento e atención sanitaria, para isto o goberno local pode contar en todo momento co BNG para demandar unha asistencia sanitaria de calidade e pública no noso Concello.

Mais, entende que esta sería tan só unha das necesidades tendo en conta o forte incremento porcentual de poboación que se prevé e tamén tendo en conta a multiplicación dos residentes durante o período estival e a forte afluencia aos areas nesta localidade. ¿Existe algún plano integral por parte do Concello para asumir todo o incremento asistencial a nivel de aparcadoiros, seguranza, maior frecuencia de transporte público, limpeza, infraestruras etc que este aumento poboacional vai supoñer? E ¿Que medidas vai tomar o Concello para paliar estas necesidades potenciais?."

**10.29.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre a posible instalación dunha gasoleira en Iñás**

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"O pasado 20 de xaneiro no xornal La Opinión publicábase a intención dunha cadea de gasoleiras de baixo custe de establecer unha en Iñás, preto da N-VI, con acceso e saída para os vehículos na Rúa Faro, na parte traseira dun Bazar chinés. Pola descrición cren que este proxecto ubicaríase a escasos metros do Rego de San Pedro, por onde vai discorrer o chamado Paseo do Rego que xa se está a realizar, polo que lles gustaría saber ¿Son certas estas novas?; Se é así ¿Foi solicitada a autorización a Augas de Galicia? Pola proximidade da corrente fluvial."

**10.30.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre normativa de distancia entre árbores e vivendas**

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"A normativa autonómica, nomeadamente da Lei de montes fixa unhas distancias mínimas da maleza e de eucaliptos, acacias e piñeiros con respecto das vivendas ¿Dispón o concello dunha Ordenanza que regula as plantacións e talla no Concello de Oleiros?; ¿Estanse a tomar medidas dende o goberno local para o cumprimento destas distancias mínimas con respecto ás vivendas da veciñanza?."

**10.31.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre cobertura de posto de locutor da Emisora Municipal "Radio Oleiros"**

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"O locutor da Emisora Municipal "Radio Oleiros" vénse de xubilación, o que aproveita para mandarlle un saúdo a esta persoa que tantos anos e dedicación prestou ó concello, polo que lles gustaría saber ¿Vaise substituír e o procedemento que se vai levar a cabo para cubrir esa praza?."

**10.32.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre o sistema de pulsadores nos semáforos municipais**

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

"Hai uns meses procedeuse á substitución do mecanismo dos pulsadores nos semáforos municipais e a día de hoxe só dous cumpren cos requisitos, un na Avda. Rosalía de Castro, xusto ante onde estaba o antigo banco Hispanoamericano ¿Pódese facer algo para mellorar ese sistema? "

**10.33.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre a senda da Urbanización "O Paraíso"**

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

"Recentemente abríuse ó público a Urbanización "O Paraíso", a senda que conduce da urbanización ó paseo, dado o avanzado das obras de cubrición da fosa de lodos, a pregunta é ¿O paseo marítimo vai seguir bordeando o mar ou vaise meter dentro da urbanización, para volver pasar logo á zona dos lodos?."

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que vai empezar a quenda de contestacións pola última, na zona do Paraíso o que existe é un parque municipal, polo que a senda vai por onde ten que ir, non vai polo bordo



CONCELLO DE  
OLEIROS

da Ría, éste é competencia do Estado e por certo, ese tramo do paseo da Ría non o teñen incluído polo que haberá que requerirles que deben rematalo desde Beiramar ata o recheo que están a facer, ó igual que está polo bordo de toda a Ría no concello de Culleredo e ó ser terreo público non deben ter ningún problema para executalo.

Os pulsadores dos pasos de peóns son un problema tamén, porque se cada un que se pon a esperar actívaos, estarían parando sempre e interrumpiríase a circulación constantemente, están programados para facilitarl o paso dos vehículos e dos peóns, o que están a facer é que na medida do posible estanos substituíndo por pasos de peóns porque o exemplo é en Sta. Cruz, funcionan os pasos de peóns sen semáforos e cre que en Sta. Cristina vaise ter que facer o mesmo, porque entorpecen a circulación moito, outra cuestión é na N-VI que non se poden poñer con pulsador porque senón, insiste, estaríase freando continuamente o tráfico rodado e non pode ser.

Expuxo o concelleiro do BNG cubrir a praza vacante por xubilación de Radio Oleiros e indudablemente haberá que facelo, de momento cubrirase con persoal de emprego que empeza o vindeiro mes, aínda que a idea é sacar a praza a concurso para cubri-la; sobre a distancia que por lei ten que existir entre as árbores e as vivendas, si se cumpre de xeito estrito non habería árbores en Oleiros, en canto ás que levan moitísimos anos feitas nada se pode facer e nas novas construcións foise programando.

A gasoliñeira a instalar no Polígono Industrial de Iñás, si está permitido o seu uso pouco se pode facer e en canto ós vertidos, quen debe controlalo é a Xunta de Galicia, no que afecta ó concello estarán pendentes de non permitir por exemplo que a auga do lavado dos vehículos desagüe no regato, terán que poñer pozos de drenaxe, evacuar a auga limpa á rede de sumidoiros, etc., pero insiste en que quen autoriza estas licenzas é a Xunta de Galicia e quen debe velar polo cumprimento da norma.

Que medra a poboación, claro que é así porque se no ano pasado concedéronse 125 licenzas de obra nova e algunha para bloques pequenos de vivendas, serán unhas 160 familias novas no concello, pero tampouco é demasiado relevante porque por exemplo en Cambre ou Culleredo estas familias medran coa soa construción dun bloque de edificios o que non quere dicir que non se teña en conta e se prevea a execución de novos viais, porque xa están contemplados no Plan Xeral deste Concello, como a Vía Ártabra ou a Artabriña pero a Ártabra está a retrasarse por culpa do Concello de Cambre e a Artabriña é un vial que entra desde O Seixo ata Sta. Cruz, que cruza por todo Lamastelle, é dicir, que o Plan Xeral de Oleiros está feito para uns 50.000 habitantes nuns anos, prevéndose estas infraestruturas, pero o que acontece na actualidade é que as obras da N-VI disuaden de collela ós veciños de Sada e cre que non hai un só veciño dese concello que non atravesese Oleiros, colapsando as nosas vías e iso teno que contemplar a Xunta de Galicia e actuar porque son estradas da súa competencia para a maior área cidadá e comercial de Galicia, como é a metropolitana da Coruña, polo que os anima a que reclamen isto no Parlamento Galego, pero non se escoita moito sobre isto.

En canto ó centro de día na Casa do Mar de Mera, fíxose obra e ía funcionar como tal, existen dúas persoas contratadas aínda que cre que unha delas xa se xubilou e é un escándalo que estean só para impartir un curso de macramé unha día á semán a cinco persoas.



CONCELLO DE  
OLEIROS

Ese edificio ten que ser un centro médico destinado á veciñanza da zona norte do concello e se houbera políticos de talla en Santiago, estaría feito porque clama ó ceo, é a zona que máis está a medrar no concello, o enclave Dorneda-Mera, e cando fala de Mera fala de Serantes-Maianca, polo que vai sendo hora de que algún se mova para que sexa ese centro médico sexa unha realidade porque o máis custoso está feito, que é o edificio, só hai que dotalo de persoal e Mera precisa dun ambulatorio de xeito urxente.

No que atinxe ó Mercado Municipal de Perillo, solicitaron axuda de fondos europeos e parece que pode frutificar polo que tratarán de melloralo para que sexa máis atractivo para a veciñanza e que os adxudicatarios dos postos poidan expoñer con maior vistosidade os seus produtos.

No tema de instalación dun servizo de aluguer de bicicletas, cre que Oleiros aínda non demanda este servizo porque pode ser efectivo nun entorno urbana como en Coruña, porque unha parte moi importante do territorio da cidade é cha e pode ter éxito, en Oleiros o territorio non axuda porque habería que subir e baixar e ademáis cre que moitos veciños e veciñas xa teñen bicicleta propia, polo que dubida do éxito da instalación deste servizo. Sobre o software para as bibliotecas públicas municipais, ten que dicir que o sistema da Xunta de Galicia é obrigatorio para tódalas bibliotecas de Galicia, polo que non se pode prescindir del, ademáis cre que as oito bibliotecas municipais funcionan moi ben, atendidas por verdadeiros profesionais e cunha moi boi dirección, polo que se a concelleira do PSOE quere consultar é mellor que se dirixa á directora para que lle dea tódalas explicacións que requira.

Insiste a concelleira do grupo “Socialista”, Sra. **Candal**, sobre a posibilidade de facer como o Concello da Coruña, que teñen un sistema paralelo ó da Xunta de Galicia, respóndelle o alcalde, Sr. **García**, insistindo que o sistema da Xunta de Galicia é de obrigado cumprimento para poder acceder a libros que non haxa nas bibliotecas municipais, aínda que lle insiste en que como é un asunto específico e que non ten un coñecemento exacto do tema que o mellor é que o consulte coa directora das bibliotecas públicas municipais.

O da lona da Ponte Pasaxe, agora xa non está só o ex presidente Rajoy, agora están os catro porque todos fixeron o mesmo, nada pola Ponte do Pasaxe e aínda queda por ver o que fai o actual, polo que todo o que se poida reclamar desde Oleiros farano porque é unha reclamación xusta e longa no tempo e o único que recibiron ata o momento son loubanzas de que é moi boa a caricatura.

Non entende que problema pode haber coa publicación dun libro coas actuacións reais feitas en Oleiros, non con mentiras, un libro sen fotografías do alcalde por certo, porque se ven outras publicacións doutros concellos nesta tempada saen os alcaldes ata na sopa, é para mostrar tódolos equipamentos existentes en Oleiros e os cidadáns que veñan de novo poidan coñecerlos e disfrutalos que para iso están e dos que se sinten moi orgullosos, sobre o seu custo non o coñece pero o teñen moi doado, entren na páxina a contratación e verán o seu custo.

Sobre o arranxo da Rúa Costromen, toman nota, sobre a posibilidade de aprobar un novo regulamento para o uso por parte dos grupos políticos municipais dos medios informativos, cando se constituía a nova Corporación será un tema que se abordará, se é o caso. No que respecta ós buratos existentes na Rúa do Río, falarán coa Deputación provincial para que os tapen porque é unha vía da súa titularidade.



CONCELLO DE  
OLEIROS

Hai ben pouco remátase de executar o alumeado completo na urbanización “Os Regos”, cre que non precisa máis e que non haxa moito alumeado no parque é normal, aínda así ten luz, pero o que se fixo foi actuar nas zonas habitadas como é lóxico, é un parque diurno como o de Nirvana...

Neste intre intervén para matizar o dito polo alcalde o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, salientando que cando fixo eses rogos de que se arranxase o alumeado do parque de Nirvana o fixo porque existen uns farois que non funcionan, polo que feito un investimento neses farois, deberíanse arranxar.

Segue na quenda de contestación o alcalde, Sr. **García Seoane**, reiterando a intervención levada a cabo no alumeado da urbanización “Os Regos”; sobre o tema da procesionaria estana a atacar por tódolos medios nos parques e lugares públicos porque é durante estes meses cando baixa das árbores, sendo perigosa tanto para as persoas coma para os animais, como os cans; as pólas das árbores é lóxico que caigan porque hai tantas árbores ó longo do municipio que cos temporais caen, pero se están a retirar continuamente e incluso árbores, en concreto durante eses días de vendaval foron 18 os que se retiraron, incluso algún que non están en parcelas municipais, pero como caen sobre vías públicas retíranse tamén.

Sobre o pintado da Avda. Ernesto Che Guevara, están á espera de que haxa uns días de seca para pintar porque non se pode facer con chuvia constante como houbo durante esta última tempada; no que atinxe ó alumeado da zona de Beiramar, non ten moita solución ata que se rematen as obras da N-VI e segundo lles comunicaron parece que queren rematala na tempada de verán e é críble, porque agora o que lles falla é facer o túnel en terra e xa teñen os piares feitos nas úas beiras e insiste en que pretenden rematala sobre os meses de setembro-outubro.

Toma nota da instalación dunha fonte de auga potable no parque infantil do Mesón da Auga e en canto ó arranxo dos bancos do parque da Rúa Obelisco, miraran tamén, ó igual que tamén mirarán o do mobiliario da Casa do Pobo de Montrove, sobre o alumeado desa Casa cre que está ben, o que non se pode e tela encendida todo o día, como a tiña o anterior adxudicatario.

Sobre o estudo que puxo de manifestou o concelleiro do PSOE en canto á loita contra o plumacho, o alcalde pódese dicir que foi quen máis loitou en Galicia contra él, Oleiros é o concello pioneiro nesta materia, grazas a unha moción que presentou na Deputación da Coruña asinouse un convenio coa Universiade da Coruña con 160.000 € de orzamento para investigación e nas noticias sae todo mundo agás él que foi quen iniciou a loita contra esta planta invasora, ou como tamén contra o picudo das palmeiras ou contra a planta invasora nova que apareceu no Faro de Mera e que se extá a extender por todo o municipio.

No tema da Rúa dos Sauces, ten que dicir que é tan galego como o que máis presuma, pero se existen uns sauces nesa zona será a Rúa dos Sauces e non dos Salgueiros; sobre o tema da variación da temperatura da auga das piscinas, él como usuario dase conta que os luns está quizáis un ou dous grados máis baixa do habitual, debe ser que durante os fines de semán fan algo que fai que os luns estea uns grados máis baixa, insiste.



CONCELLO DE  
OLEIROS

No que atinxe á Rúa do Saber, cre que ten difícil solución ata que se urbanice esa zona porque existe unha fochanca e cando hai chuvias o río desbórdase e fai que se asolague a zona. Certo é que desgraciadamente impide que se colla o para cruzar en vez de dar toda a volta e tratarán de atoparlle unha solución aínda que insiste en que é difícil. Sobre o dito da Rúa Ícaro, toman nota do balado desprendido e no que atinxe ós sinais da Rúa Taxes, tamén toma nota e é certo que hai que proceder ó pintado dese sinal; no referente ó da Rúa da Piscina, xa son moitas as veces que o concelleiro de Cidadáns expuxo este tema e é complicado loitar contra o incivismo das persoas, que levan ós seus fillos ó colexio e aparcan ata enriba das glorietas... como acontece noutros colexios municipais.

Sinala o concelleiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, que unha solución doada sería instalar uns bolardos...

Segue na quenda de resposta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que no dito sobre os semáforos da N-VI é certo que hai uns cables nos postes, polo que o comunicarán a Fomento para que lle traten de dar solución.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 21.58 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en trinta e nove (39) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.